

## Tres rapaces coa síndrome de Down poñen voz na banda sonora da curtametraxe 'The Interview'

**Disponibles os vídeos e o material do Congreso de Educación de outubro**

**Reivindicacións das entidades Down en toda Galicia no Día das persoas con Discapacidade**

**Varias iniciativas a favor de Down Galicia para pechar 2025 dun xeito doce**

# Índice

Tres rapaces coa síndrome de Down poñen voz a unha BSO	2
Balance de récord no servizo de Orientación Laboral	4
Reivindicacións en toda Galicia no Día da Discapacidade	5
Dispoñibles os vídeos e material do Congreso de Educación	7
Iniciativas a favor de Down Galicia durante o nadal	8
Retrospectiva en vídeo: Así foi 2025 nas entidades Down	10
Calendarios de Down Coruña e Down Ourense para vivir 2026	11
Nova edición do Campionato de Baristas Down	13
Down Lugo sensibiliza Ribadeo cunha exposición e un foro	15
Inauguración institucional da nova sede de Down Vigo	17
A mocidade de Xuntos gaña un premio por unha curtametraxe	19
Down Compostela e Maxisterio da USC crean un conto musicado	20
Teima, un espazo de referencia no apoio na etapa adulta	21
Séguenos, subscríbete e contacta	22

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación





Gravación nos Estudios Mans

## Tres rapaces coa síndrome de Down poñen voz na banda sonora da curtametraxe 'The Interview'

Juan Vázquez, Pepa Lockhart e Manuel Asián, tres rapaces das entidades Down de Galicia, veñen de participar na gravación da banda sonora de 'The Interview', unha coprodución entre Albania, Kosovo, Italia e España dirixida por Andamion Murataj. A gravación realizouse nos Estudios Mans da Fundación Paideia Galiza e contou coa colaboración da federación na conformación deste coro infantil creado especificamente para interpretar a peza central do filme. Mentres Juan e Pepa forman parte de Down Compostela, Manuel é membro de Down Pontevedra Xuntos.

A curta narra a historia dunha moza con síndrome de Down que se prepara para unha entrevista de traballo como enfermeira voluntaria. O proxecto implicou a profesionais e entidades galegas, entre elas Down Galicia e a Fundación Paideia Galiza, que facilitaron a participación destas tres voces na interpretación dunha nana en albanés composta por Mario G. Cortizo, autor tamén do resto da banda sonora.

A peza musical foi gravada polo Ensemble Instrumental Grupo Instrumental Siglo XX, integrado por membros da Orquestra Sinfónica de Galicia, e contou coa intervención da violoncellista e cantante Rediana Vlashi, que interpreta a voz principal da canción, e do violinista Florian Vlashi. A dirección musical estivo a cargo do propio Cortizo.

## A mira inclusiva de 'The Interview'

En *The Interview*, o cineasta Andamion Murataj propón unha historia que fala de empatía e de igualdade a través dunha linguaxe visual íntima e poética. O director albanés — recoñecido polo seu traballo no cinema social e autor de guións premiados na Berlinale e Chicago— aposta nesta curta por unha estética sinxela e profundamente emocional, centrada nas persoas.

O filme, rodado en 16 mm e producido internacionalmente con participación galega a través de Contracultural Media, traballa desde unha mirada centrada na inclusión e aborda os retos que acompañan o proceso de acceso ao emprego. O equipo técnico reúne profesionais con ampla traxectoria, como o director de fotografía Gary Griffin e a montadora Simona Paggi.

## Unha colaboración para dar visibilidade


Coa participación neste proxecto, Down Galicia reforza o seu labor de promover a presenza das persoas con síndrome de Down na vida cultural e de facilitar experiencias creativas que lles permitan formar parte de iniciativas artísticas en contornos profesionais.



## O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia bate récords ao atender a 294 persoas demandantes

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia acumulou no pasado período 2.777 accións de orientación para un total de 294 persoas en busca activa de emprego. O balance está encadrado entre febreiro de 2024 e xaneiro de 2025, no caso das profesionais de orientación das provincias de A Coruña e Pontevedra, e de setembro de 2024 a agosto de 2025 das profesionais das provincias de Lugo e Ourense.

As accións de orientación realizadas van encamiñadas a facilitarlle estratexias e recursos axeitados ás persoas inscritas na bolsa de demandantes do Servizo de Orientación de Down Galicia, de xeito que a súa busca activa de emprego sexa máis efectiva.



Sesión de Orientación Laboral

Os grandes grupos de accións de orientación laboral compóñense de entrevistas personalizadas (1569) e sesións grupais (464), co obxectivo de responder ás necesidades das persoas demandantes de emprego en función do seu perfil.

Por outra banda, tamén se levaron a cabo 105 itinerarios personalizados de inserción e se mantiveron reunións ou entrevistas telefónicas coas familias, chegando a un total de 240. Ademais de 248 visitas e contactos con entidades públicas e privadas, así como 11 a empresas de ámbito autonómico. Finalmente, este labor desenvolveuse grazas á coordinación co persoal técnico de Emprego das entidades Down e o equipo de Down Galicia, cun total de 140 reunións.

O servizo conta con persoal técnico especializado e realiza as súas actuacións nas principais cidades galegas. Para iso, contou con catro orientadoras laborais, que prestaron servizo itinerante desde catro centros de traballo, situados en Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Lugo, para dar cobertura á provincia de A Coruña -Ferrol, A Coruña, e Compostela-; á provincia de Pontevedra -Pontevedra e Vigo-; e ás provincias de Ourense e Lugo, respectivamente.

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia é centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, tendo competencias en materia de modificación de datos e actualización dos currículos das persoas demandantes derivadas á entidade. Durante o período referenciado, este servizo foi financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

## **As entidades Down de Galicia reivindicán no Día da Discapacidade unha sociedade inclusiva a través do CERMI e Baixo o mesmo paraugas**

O 3 de decembro conmemórase o Día das Persoas con Discapacidade. Unha xornada na que o Movemento Down alza a voz co resto de entidades do ámbito para visibilizar unha vez máis as súas reivindicacións e a representación dunha gran parte da sociedade que convive ou defende os dereitos e a realidade da poboación con discapacidade.

Nesta ocasión, a conmemoración do 3D das entidades Down de Galicia vertebrouse a través do CERMI (Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad), e a iniciativa Baixo o mesmo paraugas, que abrangue máis de 100 entidades sociais galegas.

### **Acto central do CERMI galego en Santiago**

O CERMI Galicia programou para a xornada, no Edificio CINC da Cidade da Cultura de Santiago, o seu Acto institucional polo Día das Persoas con Discapacidade. O organismo representativo da discapacidade convocou este acto xunto coa Consellería de Política Social e Igualdade.

Precisamente a conselleira, Fabiola García, foi unha das persoas que interviron nesta conmemoración xunto co presidente do CERMI Galicia, Ramón Sestayo.

Estivo presente tamén Delmiro Prieto, presidente da Federación Down Galicia, e entrevistou Rebeca Munín, vicepresidenta de Down Compostela, a través do debate “As familias: Impulso da autonomía e piar dos coidados”, punto central do acto.

Ademais, na cita estreouse o vídeo do Día da Discapacidade, que nesta ocasión as entidades do CERMI Galicia dedicaron á relación familiar, crianza e discapacidade, como eixo da forza dos movementos sociais deste ámbito.





### **Manifesto do CERMI estatal**

O manifesto do 3 de decembro, feito público polo CERMI Estatal, chama a reforzar o piar social da Unión Europea no 40 aniversario da adhesión de España ao club, afirmando que “sen unha dimensión social forte non hai Europa posible” e reafirmando que “a Europa inclusiva non é só unha aspiración, senón unha obriga política e moral inaprazable”.

Precisamente, o manifesto leva por título “40 anos de España na Unión Europea: sen dimensión social non hai Europa”, e artella as demandas da discapacidade arredor de 12 puntos.

### **Enchendo as rúas “baixo o mesmo paraugas”**

De xeito complementario, lanzouse a décima edición da campaña Baixo o mesmo paraugas, á que se suman máis de 100 entidades de discapacidade de toda Galicia. Baixo o lema #Xente10, o movemento destacou unha década de traballo conxunto na visibilización e defensa dunha sociedade máis xusta e inclusiva. A iniciativa puxo o foco nas capacidades das persoas con discapacidade, que reivindicaron ser “#Xente10 para todo”, desde traballar ou cociñar ata coller o autobús ou realizar calquera tarefa cotiá.

A través desta iniciativa, moitas das entidades Down saíron á rúa para achegar as súas reivindicacións, e chamaron a toda a cidadanía a apoiar, cos seus paraugas de cores, as convocatorias que se desenvolveron ao longo de toda a xeografía galega.



**Actos de Baixo o mesmo paraugas na Coruña (arriba) e Santiago (abaixo)**

## **Down Galicia publica as presentacións e vídeos dos relatorios e mesas do seu Congreso de Educación**

Down Galicia pon a disposición da comunidade educativa e do público xeral os vídeos e presentacións do congreso “Construíndo o futuro da educación: un dereito para todos e todas” celebrado os días 24 e 25 de outubro no Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela. Esta documentación audiovisual pode consultarse gratuitamente no Punto Virtual de Educación da entidade, onde tamén se reúnen outros recursos e materiais para promover a inclusión educativa nas aulas galegas.

Con esta publicación de materiais, Down Galicia busca ampliar o impacto do congreso máis aló dos asistentes, facilitando un acceso máis amplo á reflexión e ao coñecemento xerados durante as xornadas.

Nos relatorios e mesas de experiencias participaron expertos como Gerardo Echeita, Coral Elizondo ou Antonio Márquez, así como representantes de entidades e familias que ofreceron visións prácticas e teóricas sobre a transformación das aulas para acoller todo o alumnado.

**[Accede ao material do Congreso de Educación](#)**



**Antonio Márquez durante o seu relatorio**

## Iniciativas a favor de Down Galicia pechan o 2025 dun xeito doce

Nos últimos días do ano, Down Galicia viu recoñecido o seu labor grazas á implicación de iniciativas solidarias que suman visibilidade e recursos para apoiar o traballo diario das entidades Down. A continuación, destacamos as dúas iniciativas que se desenvolveron no pasado mes de decembro.



Foto de familia na carreira do CEIP Barrié de la Maza

## O CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba realiza a súa Carreira San Silvestre a favor da Federación

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza de Santa Comba celebrou o pasado 18 de decembro unha nova edición da súa tradicional Carreira San Silvestre Solidaria, unha iniciativa xa consolidada no calendario do centro que permitiu recadar 1.673,71 euros destinados integramente á Federación Down Galicia. Preto de 400 nenos e nenas participaron ao longo da mañá nunha xornada marcada pola convivencia e o compromiso social, mesmo a pesar das condicións meteorolóxicas adversas.

O alumnado tomou parte na carreira organizado en catro quendas segundo os diferentes niveis educativos, e como peche da actividade realizouse unha última quenda na que participaron tamén as familias e o persoal do centro, reforzando o carácter comunitario da proba. Con esta oitava edición, o colexio suma xa máis de 16.000 euros recadados ao longo dos anos a través das súas San Silvestres, que noutras ocasións estiveron ligadas a distintas ONG e causas benéficas.

Down Galicia quere expresar o seu agradecemento a toda a comunidade educativa do CEIP Barrié de la Maza e, en especial, ao seu director, César Ramos, pola súa implicación, así como á colaboración de Protección Civil e do Concello de Santa Comba. Unha vez máis, esta iniciativa exemplifica como a escola pode ser un espazo de aprendizaxe en valores e inclusión, xerando un impacto positivo real na sociedade.

## Down Galicia recibe un dos botes da edición de Nadal do programa 'Atrápame se podes'

Down Galicia foi unha das entidades beneficiarias da edición especial de Nadal do programa 'Atrápame se podes' da Televisión de Galicia, un concurso que regresou á grella nestas datas cun formato solidario e familiar, destinado a apoiar diferentes organizacións sen ánimo de lucro.

O espazo, presentado por Rodrigo Vázquez, emitíuse durante estas festas e contou coa participación de persoas coñecidas do ámbito do audiovisual galego, que competiron por parellas co obxectivo de recadar fondos para causas sociais a través dos botes acadados en cada programa.

Con esta iniciativa solidaria, Down Galicia recibiu unha doazón de 1.800 euros grazas á participación de Bernardo Montaña e Rocío Durán. Esta achega destinarase ao desenvolvemento dos seus programas e servizos de apoio ás persoas coa síndrome de Down e ás súas familias en toda Galicia.

O especial de Nadal de 'Atrápame se podes' mantivo a esencia do concurso habitual, baseado en probas de axilidade mental e cultura xeral, adaptando o formato para facelo máis próximo ao público familiar e incorporando un compoñente solidario.

Durante estas emisións especiais, cada programa destinou integramente o diñeiro recadado a unha entidade social distinta, contribuíndo así a dar visibilidade ao labor de organizacións que traballan a prol da inclusión e do benestar social.

Desde Down Galicia queremos agradecer a TVG, ao equipo do programa 'Atrápame se podes' e ás persoas participantes nesta edición especial de Nadal o apoio recibido.



Os Informantes

**Retrospectiva en vídeo:  
Así foi 2025 nas entidades Down**



## **Novo ano, novo calendario!**

### **Down Coruña e Down Ourense lanzan os seus almanagues solidarios**

As entidades Down Coruña e Down Ourense presentaron nas últimas semanas de 2025 os seus xa tradicionais calendarios solidarios, unha forma de apoiar os seus programas de inclusión e autonomía.

#### **Down Coruña edita o seu tradicional calendario poñendo o foco no deporte coa colaboración de Hockey Club Liceo**

A Asociación Down Coruña presenta a sétima edición do seu calendario solidario, unha iniciativa de sensibilización coa que busca achegar á sociedade a realidade, as capacidades e o talento das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. A edición de 2026 ten como protagonistas aos xogadores e ao corpo técnico do Hockey Club Liceo, referente histórico do deporte galego e entidade coa que a asociación comparte valores como a inclusión, o esforzo, o traballo en equipo e o compromiso social.

O calendario vén de editar 1.000 exemplares, que saíron á venda o pasado 13 de decembro na papelería de El Corte Inglés da Coruña, a un prezo de 10 euros. O proxecto dá continuidade a unha proposta xa consolidada que, desde hai sete anos, contribúe á visibilización social e promove unha ollada máis ampla e diversa sobre a inclusión.

A colaboración co Liceo ten nesta edición un significado especial. Desde 2022, Pili Pouso, membro de Down Coruña, forma parte do día a día do club, integrada laboralmente no equipo, converténdose nun exemplo real do impacto positivo que a inclusión ten tanto nas persoas como nas organizacións.

As fotografías do calendario, realizadas por Diana Fajardo, tiveron lugar en setembro de 2025 no Palacio dos Deportes da Coruña, un espazo cedido grazas á colaboración do Hockey Club Liceo e do Concello da Coruña. A idea do proxecto comezou a tomar forma en xullo, coa participación activa de membros da entidade nunha sesión marcada pola enerxía, a colaboración e o espírito deportivo.

A través deste traballo conxunto, Down Coruña e o Hockey Club Liceo poñen en valor o deporte como ferramenta de transformación social e como un espazo no que todas as persoas, con independencia das súas capacidades, poden medrar, aportar e construír comunidade.



**Foto de familia do almanaque de Down Coruña**

## Down Ourense presenta a súa nova sede a través do seu almanaque 2026

A Asociación Down Ourense presentou en novembro o seu calendario solidario 2026. De novo, a asociación contou coa colaboración do fotógrafo Emilio Romanos Castiñeira, que inmortalizou coa súa cámara momentos curiosos das persoas usuarias na nova sede da entidade, que se inaugurou o pasado 21 de marzo, Día Mundial da Síndrome de Down. O obxectivo desta sesión de fotos é dar a coñecer o local e ilustrar o traballo que se desenvolve nel. Pola súa parte, a Deputación de Ourense colaborou sufragando unha cuarta parte da impresión dos calendarios.



Fotografía do calendario de Down Ourense

No acto de presentación do almanaque participaron a deputada provincial de Políticas Sociais, Patricia Torres Madureira e o tesoureiro da Asociación Down Ourense, Rafael Cabezas Enríquez.

Na súa intervención, Rafael Cabezas destacou que esta iniciativa representa para Down Ourense non só unha boa fonte de financiamento, senón tamén unha vía interesante para facer visible ás persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Tamén quixo “agradecer o apoio das empresas colaboradoras e da Deputación de Ourense, que coa súa axuda nos permitiu realizar o calendario”, e aproveitou a súa intervención para lembrar que “este ano, ademais, será un espazo para visibilizar a nova sede da asociación”.

Desta volta a tirada é de 800 exemplares: 400 calendarios de parede e 400 calendarios de mesa. Todos eles teñen un prezo de 5€ e os beneficios obtidos coa súa venda van destinados integramente ós programas de promoción da autonomía persoal que se levan a cabo en Down Ourense e que, actualmente, dan servizo a 100 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias.

Aquelas persoas que así o desexen, poden adquirir o seu calendario solidario na propia asociación (Rúa Río Camba, 6) e na tenda Angelo Milano (Rúa do Paseo, 30). A iniciativa é posible grazas á colaboración de Electricidad Javier Bello, Transportes E.Cid, Electricidad Electel, Forneiro, CIE Galfor, Ourenmatel, CEIP de Quiroga e Ouro de Quiroga.

## **Down Compostela e Down Vigo participan nunha nova edición do Campionato Baristas Down de Galicia**

Catorce mozos e mozas da Fundación Down Compostela e da Asociación Down Vigo participaron o 2 de decembro no XI Campionato Barista Down de Galicia, que tivo lugar na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago. O evento, presentado polo reputado barista Diego López e a membro de Down Compostela Yone Zas, estivo organizado pola empresa Cafento, a través da marca Montecelio, coa colaboración das dúas entidades Down.

O concurso contou coa presenza da conselleira de Política Social e Iguadade, Fabiola García; ademais do presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto; e o presidente de Down Compostela; Juan Martínez. Deste xeito, autoridades, convidados e asistentes puideron comprobar, a mesa posta, do talento dos participantes.

Os e as baristas, repartidos en tres equipos, prepararon distintas elaboracións de café utilizando varios tipos de cafeteiras que, xunto coa súa destreza e habilidade á hora de realizar o exercicio, foron puntuados por un xurado especializado.

Contando con tres categorías, un dos recoñecementos foi a parar o equipo de Down Vigo, outro galardón para o equipo de Down Compostela e, finalmente, un equipo mixto de ambas entidades obtivo o premio restante.

Ademais, o xurado determinou que o mellor barista do campionato foi Borja Gómez, da entidade olívica.

Os premios repartíronse da seguinte forma:

**Premio á Mellor Preparación** para o Equipo Espresso Martini, de Down Compostela, formado por Carlos Ballesteros, David Aldrey, Javier Prieto, Mateo Tobío e Miguel Vázquez.

**Premio á Mellor Presentación** para o Equipo Orange Matcha, de Down Vigo, integrado Ana Villaverde, Armando Gamarra, Borja Gómez e Isaac Fernández.

**Premio ao Mellor Servizo** para o Equipo Coffe Queen, con participantes de Down Compostela e Down Vigo, composto por Cristina Freire, Carla Lojo, Jesús Manuel Reyna, Martín Sobrino e Patricia Cancelas.

Para preparar o campionato, os tres equipos competidores contaron coa formación técnica de Alba Rodríguez, barista de Montecelio. Sen dúbida, trátase dun proxecto moi enriquecedor para as persoas participantes, que poden demostrar a súa valía profesional ante un xurado especializado.

O primeiro Campionato Barista Down desenvolveuse en Galicia no ano 2012, co obxectivo de visibilizar o traballo das persoas con síndrome de Down e as súas posibilidades de integrarse no mercado laboral como baristas. A partir deste intre, celebráronse ao longo da xeografía española diversos Campionatos Baristas Down, entre os que destacan os de Asturias, Andalucía, Comunitat Valenciana e Región de Murcia.



Equipo de Down Vigo (arriba) e o de Down Compostela (abaixo)

## **Down Lugo leva a Ribadeo a exposición ‘Tan coma ti’ e organiza o primeiro Foro Down ‘Tan diferentes como iguais’**

En outubro, Asociación Down Lugo puxo en marcha en Ribadeo, xunto co concello da vila, unha ambiciosa iniciativa de sensibilización e visibilidade ao unir dúas accións complementarias: a exposición fotográfica “Tan coma ti” e o Foro Down “Tan diferentes como iguais”. Ambas propostas buscaron amosar a realidade das persoas con síndrome de Down e promover unha sociedade máis inclusiva e diversa.

### **Exposición ‘Tan coma ti’**

A exposición “Tan coma ti” puido visitarse na Oficina de Turismo de Ribadeo do 15 ao 31 de outubro. A mostra reuniu 40 retratos de persoas con síndrome de Down de diferentes puntos da provincia, acompañados de frases elixidas por elas mesmas. Con esta iniciativa, Down Lugo e o Concello de Ribadeo quixeron visibilizar a vida cotiá destas persoas, romper estereotipos e lembrar que todas e todos compartimos emocións, desexos e capacidades.

Segundo explicou a coordinadora de Formación e Emprego da asociación, Sarai Lodeiro Castro, “queremos que estas persoas non sexan vistas como obxectos de lástima ou como casos excepcionais, senón como cidadáns activos, con voz, soños e capacidades propias”.

A concelleira de Benestar Social, Elena Sierra, valorou a mostra como unha oportunidade para que a cidadanía “achegue aos intereses, soños e capacidades das persoas protagonistas”. O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, manifesta que esta exposición forma parte dun compromiso local coa diversidade.

### **Foro Down ‘Tan diferentes como iguais’**

Como colofón da presenza de Down Lugo en Ribadeo, o 25 de outubro celebrouse no auditorio municipal do municipio o primeiro Foro Down “Tan diferentes como iguais”, organizado pola asociación, coa colaboración do Concello e o apoio da Xunta de Galicia.

O encontro, de acceso libre, foi un espazo de reflexión e participación cidadá arredor da inclusión e o valor das capacidades diversas. O programa incluíu unha conferencia do doutor Gonzalo Berzosa, experto en inclusión e diversidade; actividades creativas dirixidas por As Vacas Fracas; unha comida compartida coa colaboración de Galipizza; e un peche no Teatro Municipal cunha representación a cargo do grupo de teatro de Down Lugo.

Para a asociación, este foro foi unha oportunidade para poñer en valor as historias e aspiracións das persoas con síndrome de Down e compartir cos asistentes experiencias e propostas de futuro. “O foro pretende visibilizar capacidades, fomentar diversidade e escoitar ás persoas implicadas con honestidade, sen filtros”, expón Sarai Lodeiro.



Presentación dos actos na oficina de turismo de Ribadeo

## **Down Vigo celebra cunha inauguración institucional a apertura da súa nova sede no casco histórico**

Máis dun centenar de persoas participaron na mañá do venres 31 de outubro na inauguración institucional da nova sede de Down Vigo no casco histórico da cidade. As persoas que acoden cada día á entidade, xunto coas súas familias, empresas colaboradoras e representantes das tres administracións —local, autonómica e estatal— celebraron a mudanza de Down Vigo ao centro da cidade, nun edificio adquirido e rehabilitado pola Zona Franca.

O acto comezou co corte simbólico da cinta inaugural, que supuxo o punto de partida dunha nova etapa no corazón da cidade. O vicepresidente de Down Vigo, Iván Giráldez, foi o encargado de facer os honores en representación de todas as persoas con síndrome de Down e diversidade intelectual que, xunto coas súas familias, profesionais e empresas colaboradoras, fan posible cada día que a igualdade de oportunidades estea máis preto. Unha sede no corazón de Vigo supón unha gran axuda en termos de visibilidade e participación activa no tecido social e industrial da cidade.

As intervencións institucionais correron a cargo do delegado especial do Estado para a Zona Franca, David Regades; o presidente de Down Vigo, Francisco X. Aparicio; o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto; o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco; e o alcalde de Vigo, Abel Caballero.

Rematadas as intervencións, a representación institucional — que tamén contou coa presenza de alcaldes da comarca, do bispo da Diocese de Tui-Vigo, así como de organizacións empresariais e entidades sociais— tivo a oportunidade de coñecer as instalacións nunha visita guiada polo vicepresidente. O broche de ouro do evento foi un aperitivo que serviu para que todos e todas compartisen unha conversa distendida e intercambiasen impresións.

David Regades abriu as intervencións manifestando que “esta alianza con Down Vigo é un dos proxectos máis satisfactorios desenvolvidos como delegado na Zona Franca e a mostra de que o desenvolvemento económico non ten sentido sen desenvolvemento social”. Regades fixo un repaso por todas as iniciativas emprendidas polo Consorcio orientadas aos novos sectores industriais: a transformación dixital, a robótica, a biotecnoloxía ou a fotónica. “Todo iso é certo e, con todo, hoxe é un día no que celebramos a economía social, a economía das persoas, a do corazón e a da igualdade. É encher de vida este espazo e de compromiso social”, subliñou.

Na súa intervención, o alcalde Abel Caballero celebrou “que a nova sede se sitúe no lugar onde naceu Vigo” e destacou que as empresas son pezas clave para a integración laboral. Apostou porque non só as institucións públicas promovan espazos para a diversidade, “senón que tamén o faga o sector privado”. Precisamente, no acto inaugural había unha representación de empresas de toda Galicia que colaboran coas asociacións Down, especialmente en materia de integración laboral.



Corte da cinta inaugural

Pola súa banda, o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, que definiu Vigo como “a cidade da diversidade”, insistiu “na transformación que supón para todas as persoas poder acceder a un emprego digno” e demandou valentía aos ámbitos público e privado para seguir avanzando nese camiño.

### Máis de 1.100 metros cadrados no centro da cidade

O presidente da Federación Down Galicia, Delmiro Prieto, sinalou que todas as entidades do movemento Down “teñen un único e derradeiro obxectivo: a inclusión social e económica das persoas”. Tras dous anos de obras de rehabilitación, realizadas pola empresa Civis Global co proxecto do arquitecto Gabriel Santos, a asociación Down Vigo comezou a súa mudanza á nova sede o pasado mes de setembro.

Máis de 1.100 metros cadrados distribuídos en planta baixa e tres andares no casco histórico de Vigo que, para o presidente de Down Vigo, Francisco Xabier Aparicio, supoñen un enorme impacto en termos de visibilidade e inclusión. Máis de 220 familias forman parte de Down Vigo. “Estas non son unhas simples instalacións —afirmou—, son moito máis. Tamén son un logro para as familias, que son a base da asociación e levan anos loitando por un futuro igualitario. Unhas instalacións como estas obríganos a ser un centro de referencia para a cidade e para todas as entidades sociais”, concluíu.

## **Membros de Down Pontevedra Xuntos logran o segundo premio no certame de Curtas D-Medo de Barro**

A asociación Down Pontevedra Xuntos acadou o pasado 31 de outubro o segundo premio coa peza *O espantallo* na categoría xeral do certame de curtametraxes D-Medo, organizado polo Concello de Barro. O concurso busca fomentar o uso do galego, o traballo en equipo e o emprego das novas tecnoloxías, ademais de servir como espazo de dinamización e transferencia cultural.

A entidade participa neste certame dende o ano 2016, salvo nas edicións de 2020 e 2024, e este recoñecemento súmase a unha traxectoria chea de logros, xa que o grupo quedou en primeiros postos con cinco curtas ao longo destes anos. Porén, para as mozas e mozos participantes, o maior premio segue a ser o recoñecemento ao seu esforzo, a convivencia e o desfrute compartido durante todo o proceso creativo.

O proxecto estrutúrase en oito sesións de traballo, nas que o grupo, formado este ano por 11 persoas, participa activamente en todas as fases: dende a elección da temática ata a gravación final. As e os participantes deciden por votación o argumento e os personaxes, elaboran o guión, preparan o vestiario e o alicio, e mesmo aportan materiais propios. A gravación, coordinada polas profesionais da entidade Patri e María, desenvólvese en escenarios da contorna máis próxima.

Como resultado deste traballo o equipo chegou a rodar dúas curtas, *O Espantallo* e *Xustiza na xoquetería*.

A experiencia supón unha ferramenta de inclusión e sensibilización, que favorece a participación activa das persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual, promovendo a toma de decisións, o diálogo, a expresión corporal e o traballo en equipo. O certame D-Medo é, así, un exemplo de como o audiovisual pode contribuír á visibilización do talento e da diversidade presentes na sociedade.

Desde Down Pontevedra Xuntos amósase unha gran satisfacción polo novo recoñecemento e transmite, xunto a Down Galicia, a súa noraboa ás mozas e mozos participantes, que con entusiasmo fixeron posible este éxito colectivo.



Momento durante a rodaxe das curtas

## **Mozos e mozas de Down Compostela e alumnado de Maxisterio da USC estrean ‘Case’, un conto musicado creado de xeito colaborativo**

Persoas con discapacidade que participan no programa de Inclusión Social da Fundación Down Compostela e estudantes do Grao en Maxisterio da Universidade de Santiago de Compostela estrearon o pasado 18 de decembro ‘Case’, un conto musicado creado de maneira colaborativa entre ambos os dous grupos. Trátase dun proxecto de aprendizaxe-servizo que celebra a creatividade, a diversidade e o valor único de cada persoa.



**Equipo de traballo de ‘Case’**

‘Case’ inspírase en ‘Ish’, o conto de Peter H. Reynolds, e fálanos de probar, de aprender e de gozar do proceso creativo. Porque a través do espírito creativo apréndese que pensar é moito máis maravilloso que “facelo ben”.

A mocidade de Down Compostela e de Maxisterio que participou neste proxecto estivo traballando durante catro meses para representar esta obra, na que unhas persoas exercían de actores e outras de músicos ou cantantes para contar un conto que fala de probar, aprender e gozar do proceso creativo.

As responsables do proxecto por parte da Fundación, Aloia Lema e Rebeca Esmorís, xunto coas profesoras de Maxisterio da USC, Carol Guillanders e María José Caamaño, promoveron esta iniciativa.

A representación realizouse no salón de actos de Down Compostela e contou cun público moi especial: o alumnado de 1º e 2º de Primaria do CEIP Quiroga Palacios, un total de 125 alumnos e alumnas que puideron gozar da representación e que remataron realizando unha actividade na que debuxaron o seu “case xarrón”.

## **Teima, un espazo de referencia na autonomía durante a vida adulta**

A asociación Teima Down Ferrol desenvolve o programa “Apoio na etapa adulta”, unha iniciativa orientada a facilitar os apoios necesarios para que as persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poidan construír unha vida adulta plena, con tranquilidade e seguridade. O proxecto aposta por un modelo de vida independente, no que cada persoa é protagonista das súas decisións e participa activamente na súa contorna social e comunitaria.

Como todo o traballo das entidades Down, o programa está aliñado coa Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, que recoñece o dereito de todas as persoas a decidir sobre a súa propia vida, con independencia das súas características. Desde sublíñase a importancia de xerar contornas e apoios que fagan posible o exercicio real destes dereitos ao longo de toda a vida.

O programa baséase nunha planificación centrada na persoa, que comeza cunha avaliación da súa calidade de vida a través de oito dimensións: benestar emocional, benestar material e físico, relacións interpersoais, inclusión social, desenvolvemento persoal, autodeterminación e dereitos. A partir desta análise establécense obxectivos persoais e elabórase un Plan de Apoio Personalizado (PAP), con actuacións individuais e grupais adaptadas ás necesidades e desexos de cada persoa.


Tal e como explica María Muíño, responsable da área de vida adulta da entidade, o programa crea espazos nos que as persoas poden expresar o que queren para a súa vida e identificar os apoios que precisan para conseguilo. O acompañamento, a creación de círculos de apoio e o traballo coa contorna social e familiar son elementos clave para fortalecer unha rede próxima, estable e funcional.

Ao longo de todo o proceso realízase un seguimento continuo dos obxectivos e dos resultados, promovendo tamén a colaboración con axentes comunitarios e outras entidades. O papel das familias e das persoas de referencia convértese nun dos piares do proxecto, garantindo unha resposta integral que respecta a autonomía, a dignidade e os dereitos das persoas participantes nas distintas etapas da vida adulta.





## Séguenos

[DownGalicia.org](https://DownGalicia.org) 

[Facebook.com/DownGalicia](https://Facebook.com/DownGalicia) 

[X.com/DownGalicia](https://X.com/DownGalicia) 

[Instagram.com/DownGalicia](https://Instagram.com/DownGalicia) 

[Youtube.com/DownGalicia](https://Youtube.com/DownGalicia) 

[Flickr.com/DownGalicia](https://Flickr.com/DownGalicia) 

## Subscríbete

[Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!](#) 

## Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **[comunicacion@downgalicia.org](mailto:comunicacion@downgalicia.org)**.

Subvencionado por



[Consulta a nosa política de privacidade](#)



**DOWN**  
Galicia

Momento de descanso na gravación da BSO de "The Interview"